

INFORME COMPLEMENTARIO SOBRE O CONVENIO DE COLABORACIÓN PATRIMONIAL ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN DO SECTOR DO MAR “MULLERES SALGADAS” PARA A CESIÓN TEMPORAL DUN INMOBLE (Expediente: 2022075944)

Concepción López Paz, Xefa do Servizo de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, como complemento do informe do 13/01/2023, que figura no expediente respecto “*A cesión temporal gratuita do uso a favor da Asociación Mulleres Salgadas dun inmoble*”, sito na planta baixa da Avenida Doutor Tourón n.º 46, no concello de Vilagarcía de Arousa, con referencia catastral 9156013NH1195N0002GH, informa, o seguinte:

1.-Entre as competencias que lle son propias ás Deputacións Provinciais figuran as do fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, é polo que a Deputación de Pontevedra ven colaborando co sector da pesca dende aí anos.

2.-Mulleres Salgadas-Asociación galega de mulleres do mar, presenta unhas características que a fan única entre as asociacións de mulleres do sector:

É a única asociación de ámbito autonómico de mulleres da pesca de Galicia que, con case 1600 socias, é a asociación de mulleres do mar máis grande de ámbito autonómico e de todo o territorio español. Desenvolve actividades para promover a igualdade no sector da pesca.

3.-As asociadas participan , de maneira individual ou a través das súas confrarías (Cambados, Vilanova de Arousa, A Illa de Arousa, Aguiño, Cabo de Cruz, A Pobra do Caramiñal, Rianxo, etc), de empresas, asociacións de mexilloeiros (Amegrove, Aspromeri, A Banqueiro, Omega), asociacións culturais (Guimatur), cooperativas (cooperativa de mariscadores Ría de Arousa) ou do Consello Regulador do Mexillón de Galicia. Tamén forman parte de ANMUPESCA, Asociación Nacional de Mulleres da Pesca, e de AKTEA, Rede Europea de Organizacións de Mulleres da Pesca, desde febreiro de 2020 Mulleres Salgadas forma parte do seu comité estratéxico.

A asociación ten como obxectivo fortalecer os lazos entre mulleres do mar de Galicia. Todas as accións deséñanse con perspectiva de xénero, buscando sempre proporcionar unha contorna amable ás mulleres que asisten, motivándoas para participar en todas as actividades relacionadas co sector da pesca.

As tarefas de representación, formación, participación e colaboración con outras organizacións, entrevistas, reunións da xunta directiva, de reunións e traballo en equipo etc. fan que sexa preciso dispoñer dun local ao que poder acudir e recoñecer como un espazo propio no que poder realizar estas actividades.

Documento asinado dixitalmente

INTERVENCIÓN

